CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realiza traducións directas e inversas de fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas	PE	80
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realiza a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redacta en grego textos básicos de estrutura clara		
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Explica os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais	TI	20
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes, cando se considere necesario.	Selecciona de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisa e emenda de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistra os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica.	Extrae, analiza e reflecte oralmente e/ou por escrito as ideas principais de textos de certa lonxitude		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planifica e participa en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns		
CA1.9 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explica, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega		
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deduce o significado etimolóxico dun termo de uso común		
CA2.2 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explica, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas		
CA2.3 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identifica prexuízos e estereotipos lingüísticos cunha actitude de respecto e valoración da diversidade		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización e a cultura grega como fonte de inspiración.	Crea textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización grega como fonte de inspiración.		
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debate sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade		
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investiga, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega		
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, os modos de vida, as institucións e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Explica os procesos históricos e políticos, os modos de vida, as institucións e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais		
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debate sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade		
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investiga de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico		
CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	Identifica e explica o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración		
CA4.5 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investiga, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Explorar o legado grego na contorna do alumnado a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os resultados a través de diferentes soportes.	Explora o legado grego na contorna do alumnado a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Clases de palabras.</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.</li> <li>- Formas nominais do verbo.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> <li>- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.</li> <li>- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.</li> <li>- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.</li> <li>- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.</li> <li>- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.</li> <li>- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).</li> <li>- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.</li> <li>- Influencia do grego na evolución da lingua de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> </ul>

## Contidos

- Léxico.
- Procedementos básicos de composición e derivación na formación de palabras gregas.
- Lexemas, sufixos e prefixos de orixe grega no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica nos léxicos especializados doutros campos.
- Significado e definición de palabras de uso común na lingua de ensino a partir dos seus étimos gregos nas linguas repertorio lingüístico do alumnado; reflexión sobre significado etimolóxico e significado semántico.
- Importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade.
- Técnicas básicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia.
- Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.
- Aproximación aos termos e expresións máis usuais de uso frecuente do grego moderno.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.
- Xeografía da antiga Grecia: topografía, nome e función dos principais sitios. Viaxeiros ilustres.
- Historia.
- Etapas: fitos históricos do mundo grego entre os séculos VIII a. C. e V d. C.
- Lendas e principais episodios históricos.
- Persoeiros da historia de Grecia e a súa relevancia para a historia de Europa.
- Historia e organización política e social de Grecia como parte esencial da historia e a cultura da sociedade actual. Desmitificación da democracia ateniense.
- Institucións, crenzas e formas de vida da civilización grega e o seu reflexo e persistencia na sociedade actual: escravitude e exclusión da muller.
- Influencias da cultura grega na civilización latina.
- A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.
- Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia).
- O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura.
- A importancia do discurso público para a vida política e social.
- Conceptos de legado, herdanza e patrimonio.
- A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais.
- Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración.
- As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade.
- As institucións políticas gregas, a súa influencia e persistencia no sistema político actual.

## Contidos

- A educación na antiga Grecia: os modelos educativos de Atenas e Esparta e a súa comparación cos sistemas actuais.
- Principais obras artísticas da Antigüidade grega.
- Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que haberá que empregar para acadar todas as competencias será a seguinte:

- 1) Análise e síntese de textos literarios relacionados coa cultura grega.
- 2) Visión e análise de obras plásticas relacionadas co mundo grego.
- 3) Comparación do mundo grego co actual, en especial co galego.
- 4) Comprobación da incidencia dos mitos na formación de palabras e frases, na literatura e na arte.
- 5) Localización e uso de bibliografía recomendada.
- 6) Localización e uso de páxinas web recomendadas.
- 7) Lectura e escritura en grego.
- 8) Análise dos principais fenómenos fonéticos.
- 9) Análise morfosintáctica de palabras, frases e textos gregos.
- 10) Comparación das estruturas morfosintácticas gregas coas do latín e demais linguas coñecidas.
- 11) Tradución directa e inversa de frases e/ou textos dunha dificultade progresiva sen necesidade da axuda de dicionario.
- 12) Tradución directa de textos de dificultade media coa axuda de dicionario.
- 13) Estudio dun vocabulario básico de "máxima frecuencia".
- 14) Realización de exercicios de vocabulario nos que o alumno se familiarice coas regras xerais de transcrición, derivación e composición.
- 15) Dedución de significados a través da relación de palabras da mesma familia léxica.
- 16) Confección de fichas coas familias léxicas máis produtivas e cos helenismos correspondentes.
- 17) Busca de significados no vocabulario xeral e/ou en dicionarios.
- 18) Recopilación de helenismos utilizados en libros de texto de bacharelato ou xornais para un posterior análise e clasificación.
- 19) Lectura individual de obras literarias traducidas.
- 20) Comparación de helenismos nas linguas modernas coñecidas.
- 21) Memorización de poemas ou máximas en versión orixinal ou traducidas.

- 22) Escenificación ou lectura escenificada dunha obra teatral.
- 23) Realización individual ou grupal de traballos de investigación sobre temas relativos ao mundo grego.
- 24) Elaboración de power-points e slides sobre a cultura grega.
- 25) Exposición oral de traballos.
- 26) Localización nun mapa de lugares, personaxes, obras artísticas, acontecementos históricos e feitos culturais.

Dadas as circunstancias dos últimos cursos, e malia que non semella que se vaia a ver interrompida a actividade presencial, se acaso pode haber algún caso de algun(s) alumno(s) concreto que se teña que quedar na casa confinado, considero importante engadir algúns outros procedementos metodolóxicos, como:

- Constatación previa da situación tecnolóxica do alumnado á hora de usar as ferramentas online.
- Aumento da comunicación por teléfono ou por escrito co alumnado, vía whatsapp, correo, blog e Aula Virtual. De ser posible trataríamos de que ese alumno(s) se conectase(n) por webconferencia con todos os demais que estemos na aula.
- Uso didáctico de todas as ferramentas ao noso alcance, como teléfono, Whatsapp, correo electrónico, aula virtual, plataforma Webex ou Classroom, blog de aula etc., algunhas delas xa levamos anos utilizándoas antes da pandemia, como o blog de aula e a Aula Virtual.
- Aumento de actividades de reforzo e recuperación de contidos xa vistos.
- Asentamento de contidos vistos mediante a utilización de xogos tipo scrable, kahoot, potatoes, ardora e similares
- Mantemento do horario de clase, de darse o caso de ensino telemático para toda a aula, como forma de manter unha boa organización horaria do alumnado.
- Recollida por escrito no blog de aula e/ou na aula virtual, nun DIARIO DE CLASE, de toda a información aportada en clase: corrección dos exercicios, explicación de contidos, repaso ou reforzo de determinados temas, enlaces ás lecturas, etc., así como das tarefas encomendadas, coa finalidade de que ningún alumno poida quedar retrasado por estar confinado.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Obras literarias
Blog de aula
Curso na aula virtual
Webgrafía sobre o mundo clásico
Aula virtual da editorial Baía
Ferramentas como teléfono, Whatsapp, correo electrónico, aula virtual, plataforma Webex ou Classroom, etc.

## Utilización de xogos como Kahoot

Libro de texto: "Grego. Bacharelato", Baía edicións, 2022.

Caderno do alumno organizado en fundas por temas.

O Departamento aportará o seguinte material:

Obras literarias clásicas traducidas.

Vídeos e DVDs sobre o mundo clásico, así como unha ampla webgrafía sobre os temas do programa.

Blog de aula ("aladas palabras") con

-diario de clase

-horarios de exámenes

-contidos dos exámenes

-información e contidos da materia

-actividades de reforzo

-exercicios interactivos

-enlaces a páxinas web do mundo clásico.

Actividades na AULA VIRTUAL do Instituto

. Actividades na páxina da editorial Baía.

Uso didáctico de todas as ferramentas ao noso alcance, como teléfono, Whatsapp, correo electrónico, aula virtual, plataforma Webex ou Classroom, blog de aula etc., como un recurso de comunicación co alumnado pero tamén como recurso didáctico en caso de docencia online por motivos de saúde.

Uso didáctico de ferramentas como Kahoot para practicar de maneira máis lúdica determinados conceptos lingüísticos ou culturais.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Dado que nesta materia non se necesitan coñecementos previos e se comeza desde cero, non hai unha proba específica de avaliación inicial. Pero si é interesante para o profesor saber qué alumnos cursaron Latín en 4º de ESO, e qué alumnos tiveron a materia de Cultura Clásica en 3º ou en 4º. Esta información será necesaria á hora de fixar uns contidos mínimos e determinar as actividades de reforzo.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>30</b>	<b>50</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	<b>80</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	<b>20</b>

### **Criterios de cualificación:**

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno debe levarse a cabo por medio dos seguintes instrumentos:

Observación do traballo diario.

Probas específicas.

Realización de tarefas puntuais.

1) Traballo diario: Labor fundamental do profesorado é a observación e o control do traballo diario do alumno mediante:

-preguntas frecuentes na aula.

-seguimento do caderno do alumno.

-control de asistencia e puntualidade.

-observación do grao de participación na clase, na aula virtual e no blog da materia.

-valoración da actitude ante a materia.

Deste xeito o profesor observará as dificultades, os avances ou os erros máis frecuentes dos alumnos e poderá atendelaos axeitadamente.

Será tamén obxecto de observación o grao de participación na aula virtual e no blog da materia e valorarase a actitude e interese na materia. Farase un seguimento dos exercicios diarios a través de preguntas orais en clase, así como de corrección dos mesmos.

O traballo diario suporá un 10% da cualificación.

2) Probas escritas específicas: As probas recollerán o exposto durante o período correspondente, sen que representen unha dificultade insalvable para o alumno que traballou a cotío. Poderán facerse:

-probas escritas ou orais.

-probas sen previo aviso.

-probas fixadas xa de antemán ao principio do trimestre.

En 1º de Bacharelato haberá dúas probas por avaliación que constarán de:

-análise morfolóxica de varios nomes.

-análise morfolóxica de varios verbos.

-análise sintáctica e tradución de varias frases.

-cuestións relativas ao vocabulario (helenismos).

-preguntas dos temas culturais vistos.

A proba final de 1º, incluída a extraordinaria e a de pendentes, consistirá en catro bloques de preguntas, cada un deles será avaliado cun máximo de 10 puntos:

1º) Análise morfolóxica de dez formas nominais que serán puntuadas con un punto cada unha até un máximo de dez puntos.

2º) Análise morfolóxica de dez formas verbais que serán puntuadas con un punto cada unha até un máximo de dez puntos.

3º) Análise sintáctica e tradución de dez frases que serán puntuadas con un punto cada unha até un máximo de dez puntos.

4º) Dez preguntas sobre cuestións culturais e helenismos que serán puntuadas con un punto cada unha até un máximo de dez puntos.

A suma resultante das catro partes, dividida por catro, dará a nota final.

As probas específicas suporán un 80% da cualificación.

3) Tarefas puntuais: É importante que o alumno se achegue á literatura clásica directamente, así como que controle os mecanismos para facer traballos de investigación. Isto só é posible fóra das horas lectivas. Valorarase:

-a puntualidade na data de entrega prevista.

-a presentación do traballo.

-a comprensión e síntese do tema motivo do traballo.

-a elaboración persoal.

-a exposición oral.

-a comprensión lectora.

-o manexo das TICs.

As tarefas puntuais suporán un 10% da cualificación.

Os criterios mínimos de cualificación:

- 1) Identificar aos principais deuses e heroes así como os seus poderes, atributos e mitos.
- 2) Localizar nun mapa mudo os principais lugares da Grecia antiga.
- 3) Situar historicamente aos personaxes, sucesos e obras máis destacadas da cultura grega.
- 4) Ler con soltura un texto grego.
- 5) Transcribir palabras gregas ao galego.
- 6) Declinar os substantivos, adxectivos e pronomes máis comúns.
- 7) Conxugar as principais formas regulares do verbo grego no modo indicativo.



- 8) Traducir sen dicionario frases sinxelas coa sintaxe básica dos casos.
- 9) Analizar os helenismos dunha relación léxica determinada.
- 10) Realizar aqueles traballos puntuais encomendados.
- 11) Asistir a clase e realizar con regularidade os exercicios propostos.

#### **Criterios de recuperación:**

Ao tratarse dunha lingua, cada exame recupera o anterior.

Para axudar ao alumno que non superou unha parte e que debe ir evolucionando e levando a materia ao día, levaranse a cabo dúas probas específicas por cada UD ou avaliación. Desta maneira se un alumno non supera a primeira proba pode ter a opción de poñerse ao día, realizando as actividades de reforzo que están no blog de aula e na aula virtual, e superar a segunda proba escrita.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O seguimento do alumnado que estea en 2º de Bacharelato coa materia de Grego de 1º pendente, será o seguinte:

- reunión inicial para fixar calendario de reunions, prazos de entrega de tarefas e datas de probas escritas.
- tres reunions por avaliación nas que se lles irán entregando tarefas de reforzo dunha dificultade gradual:
- outubro: tarefas da Unidade 1 do libro
- novembro: tarefas da Unidade 2 do libro
- decembro: tarefas da Unidade 3 do libro (ata a páxina 73)

En decembro farase a primeira proba específica sobre a UD 1 (Temas 1, 2 e parte do 3 do libro de texto).

- en xaneiro: tarefas da Unidade 3 (paxs.73 a 78) e unidade 4 do libro
- en febreiro tarefas da Unidade 5 do libro

En marzo farase a segunda proba específica sobre a UD 2 (parte do tema 3, temas 4 e 5)

- en marzo-abril tarefas da Unidade 6 e parte do 7

En abril farase a última proba sobre a UD 3

Tratándose dunha lingua, enténdese que no exame final entrarán os contidos de todos os temas estudados, polo que nesa proba poderán recuperar calquera unidade suspensa.

### **5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias**

A materia de Grego en 1º de bacharelato é propia de modalidade polo que adoita ser escollida por aqueles alumnos que non tiveron grandes problemas coa lingua na ESO; ademais comézase desde cero, polo que non se require acreditar coñecementos previos.

O feito de comezar desde cero facilita a incorporación á mesma de todos os alumnos desde o principio. Axuda tamén o número de alumnos por aula que adoita ser pouco numeroso.

## 6. Medidas de atención á diversidade

En relación ás medidas de atención á diversidade, a materia de Grego en 1º de bacharelato é propia de modalidade polo que adoita ser escollida por aqueles alumnos que non tiveron grandes problemas coa lingua na ESO; ademais comézase desde cero, o que facilita a incorporación á mesma de todos os alumnos desde o principio, e o número de alumnos por aula adoita ser pouco numeroso. Todo isto facilita a adopción de reforzos puntuais no blog da materia e a través do curso de Grego 1 na Aula Virtual.

Malia estas circunstancias, ás veces hai alumnos con problemas de dislexias ou disgrafías aos que hai que dar mais tempo nos exercicios escritos

De calquera forma, se se observan retrasos significativos no progreso da materia, os alumnos dispoñen dun blog de aula (aladas palabras) e do curso de Grego na Aula Virtual que se pode usar para reforzar as cuestións vistas con enlaces interesantes e exercicios complementarios.

A maiores, a aula virtual da editorial do libro, Baía, ten un número importante de exercicios que, de maneira gradual e amena, van reforzando os contidos vistos nas distintas unidades.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación para a igualdade de oportunidades.	X		X
ET.2 - Educación sexual.	X		
ET.3 - Educación para a igualdade entre a muller e o home.		X	
ET.4 - Educación para a paz.		X	X
ET.5 - Educación para a saúde.			X
ET.6 - Educación para a cidadanía.			X

#### Observacións:

1-A conformación do pobo grego mediante diversas invasións migratorias levará a tratar o tema dos movementos migratorios e as súas causas, así como a comprendelos e aceptalos como forma de crear un mundo aberto e cheo de oportunidades para todos.

No achegamento á sociedade espartana e o seu trato cara aos mais débiles, pódese tratar tamén a igualdade e os dereitos humanos.

2-A liberdade coa que os gregos vivían a sexualidade axudará a comprender a necesidade de non discriminar a ninguén pola súa opción sexual.

3-A situación da muller grega, á que non se consideraba cidadá nin con capacidade xurídica de tomar decisións, senón como unha menor de idade, axudará ao alumno a comprender a necesidade de acabar coas diferencias.

4-A través das diversas guerras que tiveron lugar na Grecia antiga, veremos a importancia da paz e da resolución dos conflitos por medio pacíficos.

5-A educación para a saúde será tratada no tema do deporte e os xogos olímpicos na Grecia antiga.

6- Co estudo da democracia ateniense achegaremos ao alumnado á importancia que ten ser un bó cidadán con espírito cívico e participar nos asuntos da comunidade.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Saída cultural á cidade de Lugo	Viaxe a Lugo para asistir a un espectáculo teatral composto dunha traxedia grega e unha comedia latina, e aprezar as múltiples pegadas que deixou a romanización na cidade de Lugo, visitar o Castro de Viladonga ou visitar Santa Eulalia de Bóveda
Viaxe a Grecia	Posibilidade de participar na semana de Entroido nalgunha das viaxes a Grecia programadas pola SEEC ou por outros centros de secundaria.
Semana cultural	Dentro do plan lector do centro, a biblioteca organiza todos os anos unha semana cultural cun tema interdisciplinar. O de este curso será A CIDADE.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ao comezo de cada unidade infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas así como o sistema de traballo, favorecendo a adquisición das competencias.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo).
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción.
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.

Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Explicáronse e corríronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación).
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa,

#### Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión axeitada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e á organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

#### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Grego estará a disposición da comunidade educativa do centro na páxina web.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

1. Adecuación do deseño das UD cos elementos recollidos no currículo.
2. Adecuación da secuenciación prevista co desenvolvemento da PD.

4. Adecuación das actividades á metodoloxía didáctica programada.
5. Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aos criterios de avaliación indicados.
6. Adecuación do grao mínimo establecido para cada UD.
7. Adecuación dos recursos e materiais didácticos á adquisición dos contidos e obxectivos.
8. Organización axeitada dos espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
9. Adecuación das actividades de reforzo, ampliación e recuperación ás características e necesidades do alumnado.
10. Coordinación con outros departamentos.
11. Revisión ao longo do curso da PD e inclusión das modificacións realizadas.
12. Adaptación da programación ao contexto educativo do centro.
13. Adecuación dos mecanismos de información ás familias.
14. Contribución da PD aos diversos plans do centro.

1: nunca; 2: poucas veces; 3: casi sempre; 4: sempre

## 9. Outros apartados